

# ARDE GALICIA


«Cando falamos de monte queimado, falamos das queimaduras do noso corpo».<sup>1</sup> A frase de Suso de Toro describe á perfección a estreita relación que ten Galicia co monte e coa súa queima ao longo dos tempos. Arde Galicia. E faino desde sempre. Porén, nas últimas décadas, os incendios forestais multiplícanse e dan lugar a virulentas vagas como as rexistradas en 2006 e 2017 que arrasaron co territorio, empobrecen os ecosistemas e mesmo acaban con vidas humanas. Galicia, xunto co norte de Portugal, é a rexión europea con maior densidade de lumes, aínda que desde 1995 tenden a descender.

As galegas e os galegos sabemos que ao chegar o verán (e o tránsito do inverno á primavera en certas zonas de

montaña), máis cedo ou máis tarde, o país arde. E, a pesar desta realidade, os sucesivos gobernos vense desbordados mentres falan de teorías conspiratorias sobre bandas organizadas e mafias do lume nunca demostradas. A realidade evidencia que en Galicia se dá unha serie de causas estruturais que favorecen a aparición dos lumes: crise do sistema agrario tradicional, abandono e fragmentación dos terreos, aposta por un sistema forestal destinado a abastecer a industria papeleira e de taboleiros... que se combinan co uso tradicional do lume no medio rural como ferramenta útil e rendible. O resultado xa o sabemos: milleiros de hectáreas calcinadas e innumerables perdas ecolóxicas, económicas e sociais. A desaparición dunha parte de nós mesmos.

<sup>1</sup> Frase pronunciada por Suso de Toro na inauguración das Xornadas de Debate sobre os Incendios Forestais en Galicia organizadas pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) os días 20 e 21 de outubro de 2006 en Santiago de Compostela.

## CAUSAS INMEDIATAS DOS INCENDIOS EN GALICIA (2006-2015)



Nota: a información sobre as causas estimadas dos incendios procede dos partes do incendio forestal cubertos polos axentes forestais. Só unha parte dos lumes son obxecto dunha investigación profunda. No decenio 2006-2015 identificáronse 766 causantes de incendios intencionados. Dun total de 38 317 lumes rexistrados neste decenio, a 9378 atribuíuseles unha causa certa e a 28 939 unha causa suposta. Fonte: Estatística Xeral de Incendios Forestais. Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

### O lume como parte da cultura galega

O lume é un elemento moi arraigado na cultura galega. Lume purificador que afasta os espíritos, que ilumina os camiños, que prende os magostos... E lume como ferramenta de traballo. Desde tempos inmemoriais, os campesiños válense das lapas para queimas de residuos agrarios e forestais, rexeneración de pastos para o gando extensivo en áreas de montaña ou limpeza de maleza.

Este forte vencello entre lumes e monte perpetuouse a través dos séculos, dos castrexos aos agricultores do medioevo até chegar aos nosos días. Hai evidencias da existencia de lumes naturais en períodos previos á chegada do *Homo*

*sapiens* á península Ibérica. A súa intensificación e recorrencia comezaría coa adopción da explotación agrícola e gandeira, acadando maior intensidade coa expansión do poboamento castrexo e romano. A queima máis ou menos controlada de matogueira será a principal causa dos incendios durante moitos séculos, mentres que a partir do XIX comezará unha nova era no que a lumes se refire, coa introdución no monte de especies foráneas destinadas a cubrir a demanda de madeira. Esta nova política forestal agravárase a partir dos anos corenta do século XX, cando a principal razón do monte sexa a de abastecer as industrias forestais.

### Causas estruturais dos lumes

O terrorismo incendiario, as mafias e as bandas organizadas como causantes dos lumes é un argumento esgrimido desde hai décadas polo Goberno correspondente, unha afirmación negada coa mesma intensidade pola Fiscalía Superior de Galicia e polas investigacións realizadas pola Garda Civil, a Policía Autonómica e os axentes forestais sobre o porqué dos lumes. Máis ca un complot contra o monte galego, o que se dá no noso país é un conxunto de causas estruturais que fan dos lumes un problema crónico.

Entre as máis importantes podemos distinguir unhas de carácter ecolóxico —referidas ao clima, a topografía ou a fertilidade do solo— e outras de natureza socioeconómica. Entre estas últimas atopamos diferentes variables, como a supervivencia da cultura do lume como ferramenta de manexo do territorio, a crise do sistema agrario tradicional o abandono dos terreos, a fragmentación da propiedade da terra, a posta en marcha dun modelo forestal produtivista e o desenvolvemento urbanístico caótico que introduce novos conflitos no monte.<sup>2</sup>

Galicia está nunha zona de transición climática na que se combinan choivas ben repartidas e temperaturas suaves que favorecen o crecemento vexetal e a acumulación de biomasa no monte con secas estivais que posibilitan que esta arda. A este condicionante climático hai que engadirle o da topografía: os terreos escarpados que caracterizan boa parte da nosa xeografía dificultan a extinción e aceleran o avance do lume ao tempo que dificultan os labores de prevención. A fertilidade dos terreos tamén é decisiva, xa que as comarcas máis fértiles, caracterizadas por unha produción agrogandeira rendible, adoitan arder menos.

A estas causas físicas súmanselles outras de carácter máis

social, económico e político que, combinadas, fan que Galicia arda cada ano. Aínda que o lume está presente na cultura galega desde hai milenios, falamos tamén de causas relativamente recentes. Unha das máis importantes é a desestruturación agraria, co abandono de terreos agrarios e de monte, e o avellentamento da poboación rural. Isto dá lugar a unha difícil xestión das terras, con persoas moi maiores ao cargo e unha multiplicidade de propietarios característica do sistema minifundista galego: o 64,2 % do solo forestal é de titularidade privada particular e outro 33 % é de titularidade privada colectiva. Son os chamados montes veciñais en man común, os «latifundios» do noso monte, que contan cun elevado potencial para unha xestión social e ecolóxicamente responsable. Os montes públicos, pola súa banda, non chegan ao 3 %. Porén, a Xunta xestiona un 15 % da superficie forestal, principalmente montes veciñais.

Xunto cos problemas de xestión, a partir da década dos corenta comezou unha aposta pola plantación de especies de crecemento rápido que continúa até os nosos días.

Ademais de caracterizarse por ter unha madeira de menor calidade, estas especies —como os eucaliptos (*o globulus* e *o nitens*) ou o piñeiro marítimo— son máis pirófitas e as súas plantacións menos frescas e húmidas ca as formacións de árbores autóctonas: o índice de combustibilidade intrínseca dun castiñeiro é dun 1,58 %, mentres que o dun eucalipto é do 13,50 %, e o do piñeiro, dun 13,80 %.<sup>3</sup>

Paralelamente, nas últimas catro décadas esténdese un modelo urbanístico caótico que permite a construción de vivendas residenciais ou mesmo de urbanizacións en áreas de vocación forestal e a creación de infraestruturas (pistas, estradas, liñas eléctricas, torres de transmisión, eólicos...) que introducen novos conflitos nesta contorna.

<sup>2</sup> Pereiras, X. (2006): «As causas estruturais dos incendios», *Adega Cadernos* 19, 32-33.

<sup>3</sup> Pereiras, X. (1991): *Os incendios forestais en Galicia*. Baía Edicións.

### PERFIL DAS PERSOAS QUE PROVOCAN LUMES EN GALICIA

IMPRUDENTE	INCENDIARIO	PIRÓMANO
 Varón de máis de 50 anos.	 Varón de entre 35 e 50 anos.	 Varón de entre 30 e 45 anos.
 Nivel de estudos medio-baixo.	 Grao cultural baixo e sen cualificación profesional.	 Pracer extremo ao contemplar o lume.
 Frecuentemente agricultor ou gandeiro.	 Domicilio no lugar do incendio ou zonas próximas.	 Domicilio no mesmo lugar do incendio ou zonas limítrofes.
 Reside ou ten propiedades no lugar do incendio.	 Ocasionalmente pode sufrir certo trastorno psicolóxico, leve atraso e/ou adicións (alcol, a máis frecuente).	 Impulso irrefreable de causar alarma social.
 Integrado socialmente.	 Actúa en solitario por motivos relacionados con algunhas enfermidades ou trastornos, por motivos de tipo antisocial, fanatismo, irresponsabilidade, maldade, interese económico, agrícola ou gandeiro, vinganza, danos a terceiros ou combinación destes.	 Indiferente ás consecuencias do lume sobre a vida.
 Pouca conciencia ambiental e dos efectos negativos do lume en particular.	 Coñece o uso e comportamento do lume porque o utilizou como ferramenta ou porque traballou en sectores nos que é frecuente o seu emprego.	 Obtén satisfacción da destrución das propiedades.
 Usa o lume como ferramenta de forma indisciplinada, incontrolada ou sen adoptar medidas de prevención.		 Adoitan ser os primeiros en avisar da existencia dos lumes pero sen identificarse como autores e mesmo participan nos labores de extinción como voluntarios.


**O 30-30-30 e outros factores inmediatos**

Vagas de lumes coma as que estamos a vivir ano tras ano non se explican unicamente pola combinación destas causas estruturais. É preciso que se dean as circunstancias precisas. E fai falta que algo ou alguén acenda a mecha. O período máis perigoso do ano é o que se coñece como días 30-30-30. Adoitan ser entre sete e once días ao ano que son críticos para o monte galego porque coinciden tres fenómenos adversos: hai máis de 30 graos de temperatura, menos do 30 % de humidade e ventos de máis de 30 quilómetros por hora (uns ventos que, en Galicia, só os trae o Nordés). Isto non implica que os lumes en Galicia non sexan debidos á acción humana. Todo o contrario. De feito, case todos os lumes son intencionados ou resultado de imprudencias. Porén, a combinación destes factores adversos nunhas xornadas acrecenta estes lumes e convérteos en devastadores. E a crise climática tende a empeorar este cadro. As estatísticas oficiais recollen vinte e cinco razóns diferentes como orixe dos lumes intencionados, mais a maior parte son derivados do uso do lume como ferramenta agrícola-gandeira. Outra vez, o uso do lume como método de limpeza, xestión de biomasa, xeración de pastos para o gando extensivo... Este uso trasladado da agricultura tradicional xera un alto número de condu-

tas que desembocan nunha alta actividade incendiaria. O resto dos lumes débese a causas negligentes ou accidentais (onde se inclúen as imprudencias en queimas agrarias autorizadas, chispas de liñas eléctricas, fogueiras...), causas naturais (caída de raios), reprodución de lumes mal apagados e causas descoñecidas.

As motivacións debidas a prácticas tradicionais cuestionables son as máis frecuentes pero, segundo as investigacións, os incendios intencionados en Galicia non teñen unha serie limitada de motivacións, senón que están relacionados coas actividades que se levan a cabo nas zonas afectadas. Falamos de lumes provocados polas razóns máis diversas: facilitar a caza, vinganzas, disensións na titularidade dos montes, rexeitamento a espazos naturais protexidos... Tamén hai motivacións urbanísticas e relacionadas coa venda de madeira, mais teñen unha importancia moitísimo menor da que popularmente se lles atribúe.

O que si está demostrado é que tan só unha porcentaxe pequena dos incendios está provocada por pirómanos. Falamos de individuos que sofren esta patoloxía (caracterizada pola obsesión polo lume que leva o individuo á provocación reiterada de incendios) e de persoas caracterizadas por amosar indiferenza ante as consecuencias do lume.



**Afeccións do lume sobre o medio**

Ademais do drama humano que nalgunhas ocasións provocan os incendios, como ocorreu na vaga de lumes de 2017 coa morte de catro persoas, as lapas causan unha perda de biodiversidade dos nosos ecosistemas, afectando a vexetación, fauna, solo, aire e auga. A perda de cuberta vexetal é unha das consecuencias máis evidentes. A peor situación dáse naquelas zonas onde a reincidencia do lume é alta, xa que os ecosistemas só conseguen reconstituírse parcialmente e beneficiando as especies máis resistentes ao lume. A desaparición da cuberta vexetal provoca tamén a erosión do solo, coa conseguinte perda dos seus elementos fertilizantes e da súa masa e volume. E a pesar de que a vexetación ten unha capacidade de recuperación moi importante, as áreas afectadas de forma reiterada polo lume adoitan sufrir

un colapso que pode dar orixe en zonas de moi pouca fondura a unha desertización de carácter irreversible.<sup>4</sup> A fauna tamén sofre as consecuencias dos lumes. Pequenos mamíferos, como coellos ou ourizos, son dos máis afectados xunto con insectos, réptiles, aves e anfibios, que adoitan morrer calcinados polas lapas ou sofren as consecuencias da modificación do seu hábitat.

A ninguén se lle escapa que durante un incendio se están a emitir moitos elementos contaminantes á atmosfera. A curto prazo destacan os produtos que se emiten na chamada *zona de poslume ou de combustión lenta*, perigosos para a saúde humana. É importante a achega dos incendios e das queimas de residuos agroforestais ás emisións de hidrocarburos aromáticos policíclicos: nalgúns anos supón máis do 20 % das emisións totais en Galicia, segundo o Inventario Español de Contaminantes Atmosféricos.


<sup>4</sup> Díaz-Fierros, F. e Baamonde, P. (2006): *Os incendios forestais en Galicia*. Consello da Cultura Galega.

Os distintos forestais e os concellos que abrangue cada un son os seguintes:

**Ferrol:** Cabanas, A Capela, Monferró, Poveiadeume, As Pontas de Cardá Rodríguez, Ares, Cedeira, Hene, Ferrol, Moeche, Mugardos, Narión, Neida, San Sadurnino, As Somozas, Valdovího, Cariño, Cerdido, Mañón e Oitaveira. **Bergantiños-Ma-**  
**riñas Coruñesas:** Cabana de Bergantiños, Carballo, Covilanca, Laxe, Malicia, Ponteceso, Aranga, Betanzos, Oza Cesuras, Coriós, Curtis, Iria, Miño, Pademe, Vilasantar, Vilarmoso, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, A Coruña,  
 Culleredo, Lirinha, Oleiros e Sada. **Santiago-Meseta Interior:** Arzúa, Frades, Mesía, O Pino, Louro, Boimorto, Melide, Santiago, Sobrado, Toques, Creceda, Ordes, Oroso, Tordóia, Trazo, Val do Dubra, Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Com-  
 postela, Teo e Vedra. **Barbanza:** Boiro, A Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Ribeira, A Baña, Negreira, Noya, Ourense, Dodro, Louzame, Padrón, Ribares e Rois. **Fisterra:** Cee, Corrubión, Dumbria, Fisterra, Muxía, Camariñas, Vimianzo, Zas, Carnota,  
 Mazariñas, Muros e Santa Comba. **A Mariña Lucense:** Allariz, Burela, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, O Valadouro, Cervio, Ourense, O Viqueiro, Viveiro, Xove, Barreiros, A Pontenova, Ribadeo e Trabada. **Fonsagrada-Os Ancares:** Baralla, Becerreá, Neiva  
 de Suarna, Cervantes, As Nogueas, Pedreira do Cebeiro, Baleira, A Fonsagrada e Nogueira de Muíños. **Terra de Lemos:** Carballedo, Chantada, Taboada, Folguero do Courel, Quiroga, Ribas de Sil, Bóveda, Placencia, O Saviñán, Monforte de Lemos,  
 A Pobra de Brollón e Sober. **Lugo-Sarria:** Friol, Lugo, Ourense de Rei, Rabade, Castroverde, O Corgo, Guntín, Lugo, O Páramo, Antas de Ulla, Monterroso, Páramo de Rei, Povolunán, O Irio, Paradelá, Samos, Sarria e Triacastela. **Terra Chá:**  
 Castro de Rei, Cospeito, Meira, A Pastoriza, Pol, Ribeira de Piquín, Riotorto, Begonte, Guitinz, Xermade, Abadín, Muras e Vila. **O Ribeiro-Arenseiro:** O Carballiño, Maside, Pífor, Purvín, San Amaro, San Cristovo de Lea, Beizé, Boborás, O  
 Iríño, Armola, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón e Ribadava. **Minho-A Arnoia:** Allariz, Baños de Molgas, Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Espadanedo, Maceda, Paderne de Allariz, Talcañela,  
 Amoeiro, Barbadás, Coles, Espos, Nogueira de Ramuín, Ourense, Peroso de Aguiar, A Peraxa, San Cibrao das Viñas, Toén, Vilamaior, A Boia, Cartelle, Celanova, Comesaña, A Merca, Larouco, Petín, A Rúa, Rubiá, Vilamartin de Valdeorras, Car-  
**ballada de Valdeorras e A Veiga. Verín-Viana:** Castelo do Val, Laza, Cualedra, Monterrei, Ombra, Verín, Vilardevós, A Gudiña, A Mezquita, Ród, Viana do Bolo e Vianño de Conso. **A Limia:** Xinzo de Limia, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de  
 Barrio, Vilar de Santo, Bailar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Rairiz de Veiga, Rande, Lobos, Muíños, Entrín e Lobeira. **Deza-Taboas:** Dozón, Lalín, Rodeiro, Agolada, Silleda, Vila de Cruces, Cerdido-Coloñade, A Estrada e Forcarei.  
**O Condado-A Paradanta:** Mondariz, Mondariz - Balneario, Ponteareas, O Covelo, Arbo, As Neves, Salvaterra de Miño, A Cañiza e Crecente. **Vigo-Baixo Miño:** A Guarda, Oia, O Rosal, Tronina, Lui, Forno de Montes, Mos, Pazos de Borbón,  
 Redondela, Soutomaior, Baión, Gondomar, Nigrán, O Porriño, Salceda de Caselas e Vigo. **Caldas-O Salnés:** Barro, Caldas de Reis, Calzadilla, Cuntis, Pontevedras, Portas, Valga, A Illa de Arousa, Cambados, O Grove, Meaño, Meis, Poio, Ribadumia,  
 Sanxenxo, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Pontevedra, Vilaboa, Campo Lameiro, A Lama, Pontecaldelas e Moraña.


**NÚMERO DE INCENDIOS POR DISTRITOS FORESTAIS**

Media do período 2007-2016



**SUPERFICIE TOTAL QUEIMADA POR DISTRITOS FORESTAIS**

Media do período 2007-2016



Fonte: elaboración propia a partir de datos da Consellería do Medio Rural.


Os procesos erosivos que causan os incendios forestais inciden, finalmente, sobre a calidade da auga. Unha parte nada desprezable do nitróxeno e do fósforo rexistrados nos ríos galegos pode ter a súa orixe na mobilización provocada polos lumes. E estes compostos son os responsables da eutrofización dos encoros e, probablemente, dos des-

equilibrios tróficos da auga das rías. Non obstante, o efecto máis negativo do lume sobre as augas é o incremento do valor extremo dos caudais—derivado da hidrofobia que collen os solos e que deriva nun incremento do fluxo rápido dos ríos—que dá lugar a episodios torrenciais, con graves danos sobre os ecosistemas e as economías locais.

Esta realidade debería servirnos para pór orde e tomar as rendas da situación, adoptando políticas serias de ordenación do territorio e de relanzamento do rural que nos leven a establecer unha equilibrada relación co medio forestal. Do contrario, seguiremos falando de monte queimado e seguiremos chorando as queimaduras do noso corpo.

### INCENDIOS FORESTAIS EN GALICIA (1976-2018)

#### Número de incendios forestais\*



#### Superficie queimada (en ha)\*\*



\* O número de incendios inclúe os conatos e os lumes de máis dunha hectárea.  
 \*\* A superficie queimada inclúe a superficie arborada e de mato.  
 Elaboración propia a partir dos datos recollidos no anexo 1 do PLADIGA 2019 da Xunta de Galicia.